

Circular Xuño 2017

Ourense a 25 de maio do 2017

—

—

REXISTRO XORNADA LABORAL, OBLIGATORIEDADE PARA TEMPOS PARCIAIS E HORAS EXTRAORDINARIAS.

O Tribunal Supremo (TS) limita a obriga de que as empresas leven a cabo un rexistro diario de horas traballadas por cada empregado, establecida pola Audiencia Nacional (AN) na sentenza do 04 de Decembro de 2015. No seu lugar, interpreta o artigo 35.5 do Estatuto dos Traballadores (ET) no sentido de que as empresas unicamente deben anotar as horas extraordinarias e contratos a tempo parcial.

—

DECLARACIÓN DA RENDA DO EXERCICIO 2.016.

—

Recordamoslles que continuamos coas declaracións do I.R.P.F. do exercicio 2016. Deben de remitirnos a documentación antes do día 15/06/2017 xa que o día 25/06/2017 remata o prazo para domiciliar aquelas declaracións que sexan a ingresar.

XORNADA INTENSIVA DAS OFICINAS A PARTIR DO 19 DE XUÑO.

A partir do luns día 19 de xuño, iniciaremos a xornada intensiva de verán cun horario de 8 da mañá ata 15 da tarde.

REALIZACION DE XUNTA XERAL A 30-06-2017.

Como se ven facendo durante estes anos a Xunta Xeral de aprobación de Contas do 2.016 e de proposta de reparto de resultados das sociedades mercantís celebrárase con carácter xeral o día 30-06-2017, xa que esta data será a que se terá en conta para depositar as Contas Anuais no Rexistro mercantil no prazo de 30 días. Si vostedes queren celebrala con outra data fagannolo saber.

Desta Xunta Xeral ordinaria de aprobación de Contas se levanta Acta que a deben de asinar todos os asistentes, a sabendas de que os Administradores van asinar certificación de que a acta foi asinada para depositala no Rexistro mercantil. Os administradores deben de estar pendente de que se cumpra esta formalidade

MELLORA DO SISTEMA TELÉFONICO

RESPONSABLE	TENO DIRECTO	EXTENSION CHAMA
BEGOÑA	988 617 648	7177845962001
PEPITA	988 602 935	7177845962002
BEATRIZ LABOR	988 609 163	7177845962003
BEA FISCAL	988 269 716	7177845962004
CARMEN	988 606 822	7177845962005
NIEVES	988 269 717	7177845962006
CRISTINA	988 617 287	7177845962007
ANA MARIA	988 617 327	7177845962008

Melloramos o Sistema telefónico para poder prestarlle mellores

servizos. Manteñense os mesmo números para chamarnos, simplemente e cando reciba unha chamada nosa aparecerá un número distinto con extensión que pode remarcar para chamar directamente a quen o chamou.